



MENTORING

ACOMPAÑANDO Á ECONOMÍA SOCIAL

MENTORAS

QUE É ES-MENTORING?

A **Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a Unión de Cooperativas Galegas EspazoCoop e a Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias** colaboran no desenvolvemento da edición 2023 do programa ES-MENTORING tralo éxito acadado no programa piloto realizado no 2022 que amosou a necesidade de consolidar un programa destas características para a economía social galega.

O programa ES-MENTORING 2023 quere consolidar a rede de mentorías na economía social para que permita:

- A transferencia de coñecementos.
- Proverse de habilidades, capacidades e actitudes de persoas vinculadas á economía social con ampla traxectoria.
- A colaboración con entidades da economía social que precisan implementar melloras, dende a experiencia de quen comparte vivencias.

O programa ten como finalidade apoiar e consolidar ás cooperativas e demais entidades de economía social do tecido económico de Galicia, mediante a realización de procesos de mentoría, que permitan compartir os coñecementos, vivencias e habilidades das persoas profesionais que teñen experiencia, con outras entidades da economía social que precisan implementar melloras.

ES-MENTORING dá resposta ás necesidades das empresas da economía social sendo un programa coñecedor das súas especificidades e características, fundamentándose nos seus mesmos valores e principios.

QUEN PODE SER PERSOA MENTORA?

AS MENTORAS DEBEN CUMPRIR DOUS REQUISITOS:

- Que sexan profesionais con experiencia nos diferentes ámbitos de actuación e áreas de traballo no que se enmarca o programa ES-MENTORING.
- Que sexan profesionais que acrediten coñecemento en economía social, ben porque forman ou formaron parte dalgunha entidade do sector nalgún momento, ou porque teñen ou tiveron experiencia no acompañamento, asesoramento, ou na consultoría, con algunha entidade da economía social.

FUNCIÓN DA PERSOA MENTORA

Achegar a súa visión e asesorar á persoa mentorizada no deseño de novas perspectivas para os seus plans de desenvolvemento.

Axudar a superar obstáculos, ofrecendo un espazo para compartir coñecementos, aprendizaxes, innovacións, dificultades ou aspiracións.

Achegar confianza ás persoas mentorizadas para asesoralas, apoialas, e aconsellalas cando o necesiten.

COA COLABORACIÓN DE:



COMPROMISOS

1

Comprometerse a prestar asesoramento á entidade **mentorizada** achegando coñecementos, orientacións, contactos e experiencia, dende o máximo respecto ao interese económico e social da mesma.

2

Solicitar a inscrición como mentora do programa a través da web: www.es-mentoring.gal

3

Participar nas xornadas de presentación e peche do proxecto.

4

Participar nas accións formativas de mentoring.

5

Participar no encontro “Networking”.

6

Asinar o documento de Acordo de dispoñibilidade e compromiso.

7

Elaborar a Acta final de cada sesión de mentoría realizada e achegala á persoa coordinadora de referencia.

8

Cubrir e enviar os cuestionarios de valoración do programa e achegar propostas de mellora.

PROGRAMA DE MENTORÍAS

Esta actuación terá unha **duración de 6 meses** aproximadamente. Atenderanse 40 entidades da Economía Social e cada unha disporá de **17 horas de mentorización** por parte das persoas mentoras.

As mentorías poderán ser **virtuais ou presenciais**, e se distribuirán nun mínimo de 8 sesións.



A COORDINACIÓN EQUIPO TÉCNICO DE AGACA E ESPAZOCOOP

O persoal dos equipos técnicos da Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias e da Unión de Cooperativas Espazocoop realizarán a selección das empresas de economía social participantes no programa, o labor de encaixe entre mentoras e mentorizadas, e a coordinación dos procesos de mentorización.

Dende a coordinación verificarase que o proceso de mentoría discorre do xeito esperado, cumprindo os compromisos e acordos.

 www.es-mentoring.gal

 esmentoringal@gmail.com

 Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias981 58 47 83

 Unión de Cooperativas Galega EspazoCoop981 57 55 78